

L. Méndez / G. Navaza (2004): “Xentilicios e nomes persoais na toponimia de Chantada”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 523-532.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

XENTILICIOS E NOMES PERSOAIS NA TOPONIMIA DE CHANTADA

Luz Méndez
Gonzalo Navaza

TVG, Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

Nunha primeira ollada ós topónimos maiores de Chantada, igual ca noutros concellos da zona, chama a atención o volume do elemento antroponímico. Dun conxunto de 340 nomes de lugar, pasan de 80 os que teñen orixe no nome dun posesor.

Todo parece indicar que a estrutura poboacional e o modo de ocupación do territorio do concello de Chantada, tal e como os coñecemos hoxe (xa no seu estadio final no que se refire á dispersión e ós pequenos núcleos rurais) quedan practicamente definidos desde o período que vai desde mediados do século VIII ata non máis alá do ano 1000, é dicir, nos primeiros séculos da chamada Reconquista. Boa parte das entidades de poboación do concello deben de responder ás repoboacións¹ que se levaron a cabo no sur da diocese de Lugo desde comezos dese período, exemplificadas no famoso testamento do bispo Odoario.

A abundancia de antropotoponimia xermánica non significa, naturalmente, que eses lugares teñan a súa orixe no período suevo e visigodo. É sabido que nos primeiros tempos da Reconquista, especialmente a partir do reinado de Afonso II, as sedes episcopais convértese en importantes focos de colonización e repoboación en todo o reino astur (galaico-astur, se preferimos). Estendeuse entón o chamado *sentimento neogoticista* «que despertó la conciencia de una continuidad entre el Estado hispanogodo y el reino astur, su legítimo restaurador», en palabras do historiador García de Cortázar, sentimento especialmente alentado por «una clerecía nostálgica de los días de gloria y privi-

¹ Por *repoboación* non debemos entender en Galicia exactamente o mesmo ca noutras áreas. Os historiadores e os toponimistas xa se teñen ocupado da «conhecida cuestión de saber se houve, ou non houve, um despovoamento considerável de vastas zonas do noroeste da Península, resultante das repetidas invasões de hostes muçulmanas, a que se referem as crónicas medievais», en palabras do profesor Piel, quen aducía que «tanto o arcaísmo, como o invulgar volume dos nomes de poseedores de feição arcaica (...) dificilmente se conciliam com a ideia de vastas terras galaicas tornadas ermas, e que necessitassem de ser repovoadas» (Piel, 1984, p. 7).

legio»² da época sueva e visigoda. Parece razoable vincular con este sentimento non só a supervivencia senón tamén a vixencia e revitalización da antroponimia xermánica máis ou menos latinizada.

Ademais dos topónimos de orixe antroponímica, que enumeramos ó final desta comunicación, queremos referirnos a algúns de carácter inequivocamente colonizador que teñen orixe nun xentilicio. Deste xeito podemos coñece-lo lugar de procedencia dos poboadores. Son os seguintes:

Fondoreses, lugar da parr. de Requeixo. O sufixo *-eses* (< ENSES) indica que se trata dun xentilicio, e na documentación medieval de Oseira atopámolo como *Fondoreses*, *Fondorenses*, *Fundoreses*. Supoñemos que o topónimo do que deriva é *Fondedor*, lugar do concello de Vilalba, polo que o noso *Fondoreses* sería resultado dunha haplloxía de *Fondedoreses*. Non temos documentación que nos permita aclarar-la orixe de *Fondedor*, aínda que o primeiro elemento semella conte-lo común *fonte*.

Mondoeses, lugar da parroquia de Vilaúxe, contén tamén un xentilicio en *-ENSES*, moi posiblemente *MONDONENSES. Poderíamos relacionalo con *Mondoñedo* (non como derivado desta forma do topónimo, senón por exemplo como variante do xentilicio culto *mindonienses*) ou co nome dunha parroquia do concello de Oza dos Ríos hoxe chamada *Mondoi* < MUNDONI. Piel e Kremer suxiren unha orixe a partir dun nome latino *MUNDONIUS, derivado do cognome MUNDIUS (HGN, 190/1). Así e todo, o lugar de procedencia deses *mondoses* podería ser ben máis próximo, se como cremos ten relación cun antigo topónimo, hoxe desaparecido, que rexistramos como *Mondoy* nun documento do ano 897 que o localiza na veciña parroquia de Líncora (*Lvcensia* 5, p. 163).

Interésanos considerar tamén unha serie de topónimos galegos que proceden de xentilicios derivados do nome da antiga xurisdicción chamada *Terra de Asma*. *Asma* é o nome do río que atravesa a zona correspondente máis ou menos ó actual concello de Chantada. A propia vila de Chantada figura adoito nos documentos medievais como (*A Pobra de*) *Chantada de Asma*. Sobreviviu o nome *Asma* nas denominacións das parroquias de *San Fiz de Asma*, *San Salvador de Asma*, *San Xurxo de Asma* e *Santa Uxía de Asma*, ademais de *Santa Cristina de Asma* no veciño concello de Carballedo.

Resulta problemática a orixe deste topónimo *Asma*. Coma outros hidrónimos importantes, ten orixe prelatina. Poderíamos pensar que contén o sufixo indoeuropeo, probablemente celta, átono *-(S)AMA*, de valor aumentativo (cf. *Ledesma* < BLETISSAMA ou outros topónimos como *Osmá*, *Masma*, etc.) que foi estudiado por Menéndez Pidal (1940, 26/1, p. 77) e outros. O radical podería estar emparentado coa raíz *AR-*, tamén indoeuropea, que significa ‘río’ (Dauzat / Deslandes / Rostaing, 1982, pp. 20-21; Rivas, 1994, pp. 61-62). Foneticamente cremos que non hai obxección para unha etimoloxía *ARSĀMA, que supostamente tería o significado de ‘río grande’.

² J. A. García de Cortázar, *La época medieval*. Historia de España Alfaguara, Alianza Universidad, Madrid, 1973, p. 133.

Dos xentilicios derivados do nome *Asma* formáronse unha serie de topónimos doutras áreas xeográficas máis meridionais onde se instaláron colonos procedentes desta terra. Son os seguintes:

Armeses, lugar e parroquia do concello de Maside. A grafía actual, que reproduce o rotacismo de *s* na primeira sílaba, atopámola xa na documentación medieval, onde alterna coa forma con *s* que evidencia a súa orixe, coma nun «*Domingo Eanes d'Asmeses notario*» do ano 1312 (*Oseira*, nº 1371).

Nos topónimos derivados do xentilicio en -ANOS produciuse unha falsa segmentación ó interpreta-la primeira sílaba como o artigo feminino dun común *as maos*, *as maus* ('as mans'). Dado que nos nomenclátore non figuran polo regular os artigos, estes topónimos permaneceron como formas de orixe escura para os especialistas, e en publicacións recentes aínda se lles atribúe orixe preindoeuropea hispanocaucásica (Rivas, 1994, pp. 93-94). Todos eles están na provincia de Ourense:

As Maus (San Pedro), parroquia e lugar no concello de Vilar de Barrio

As Maus de Salas (Santa Baia), parroquia e lugar no concello de Muíños.

As Maus, lugar da parroquia de Ordes, concello de Rairiz de Veiga

As Maus, lugar da parroquia dos Baños, concello de Bande.

As Maus, lugar da parroquia de Tosende, concello de Baltar.

Quizais poderíamos engadir un topónimo portugués que o *Dicionário corográfico* recolle como *Mãos* no concello de Ponte de Lima, freguesía de *Estorãos*, do cal, non obstante, non temos información que nos indique se mantén un artigo feminino que confirme a nosa hipótese. Repárese en que o nome da parroquia a que pertence é tamén un xentilicio de repoboación ASTURIANOS, paralelo de *Esturáns* de Vigo e de *Astureses* en Boborás, este co mesmo sufixo có mencionado *Armeses*³.

De modo paralelo, poboacións procedentes doutras áreas da franxa meridional da diocese de Lugo participaron na repoboación ou colonización de terras meridionais. Así os *Sarreaus* (de Sarria) e *Bresmaus* (de Terra de Brosmos, en Lemos), ambos na provincia de Ourense, ou os *Cambeses* (de Camba) e *Dezaos* (de Deza), que mesmo deixan pegada na toponimia portuguesa (*Cambeses*⁴, *Doçãos*).

Os topónimos de orixe antroponímica do concello de Chantada a que fixemos referencia son os seguintes:

1. **Adá**, lugar e parroquia (Santa Baia). Segundo Piel e Kremer procedería dun (VILLA DE) ATANE, dun nome persoal de orixe xermánica *Ata*, var. de *Atta* (Piel-Kremer, HGN, 28/5). Aparece na documentación medieval como *Adaam* (ano 1268, *Oseira* nº 957), *Adaan* (ano 1284, *Oseira* nº 1170), *Adae* (ano 1303, *Lv-censia* 5, p. 139). Esta última forma concorda cunha orixe a partir de ATANE ou ATANI, pero o resultado actual resulta excepcional, pois esperaríamos *Adán* ou

³ Non temos datos para poder fixar unha cronoloxía, ou para supor que sexa posible fixala, a partir da diferente derivación con -ANOS e con -ENSES nestes xentilicios.

⁴ Hai tamén *Cambeses* no concello de Vigo.

Adai (cf. outros topónimos aparentemente idénticos *Adai*, nome de tres parroquias e tres lugares nos concellos do Corgo, Lugo e O Páramo).

2. *Adaúlfe*, lugar da parroquia de Líncora, de ATAULFI, xenitivo dun nome persoal de orixe xermánica (HGN, 28/4).

3. *Amorín*, lugar da parr. de Argozón, do xenit. AMORINI dun nome de orixe latina AMORINUS (Piel, 1948, 19).

4. *Andemil*, lugar da parroquia de Vilaúxe, do xenitivo ANDAMIRI ou ANDEMIRI dun nome persoal de orixe xermánica (HGN, 14/6).

5. *Ansemil*, lugar da parr. de Argozón, de ANSEMIRI, xenitivo dun nome persoal de orixe xermánica (HGN, 17/8) .

6. *Ansoar*, lugar da parr. de Fornas, do xenitivo ANSUARII dun nome persoal de orixe xermánica (HGN, 17/4).

7, 8. *Argozón*, nome de parroquia (San Vicente ou San Vincenzo de Argozón) e dun lugar na de San Miguel do Monte. Posiblemente do xenitivo dun nome persoal xermánico; tal vez dun derivado en -ONE emparentado con *Aragunte*, *Aragundia* (HGN, 18/2). Piel-Kremer non inclúen *Argozón* no HGN. Na documentación medieval de Oseira rexistrámolo coa dobre variante e *Argozón e Argonzón*, *Argonçon*.

9. *Aspai*, nome dunha aldea en Santa Uxía de Asma. Procede do xenitivo ASPADII dun nome persoal baixolatino ASPADIUS, de orixe controvertida (HGN, p. 25/2).

10. *Asper*, nome dunha aldea da parroquia de Brigos. Do xenitivo dun nome persoal de probable orixe latina: *Asperius* ou *Esperius* (Schulze, 162, 254; Piel 1948, 130a) ou *Hesperius* (Piel, 1974, 38).

11. *Axulfe*, lugar da parr. de San Pedro de Viana, do xenitivo dun nome persoal de orixe xermánica AGIULFUS (HGN, 5/13).

12. *Baltar*, lugar da parr. de Brigos. Do xenitivo dun nome persoal de orixe xermánica BALTARIUS (Piel, HGN, 37/1).

13. *Basán*, nome de dous lugares da parroquia de Chantada: *Basán Grande* e *Basán Pequeno*. Piel (*Verba* 9, 1982) fai derivar estes topónimos do xenitivo dun nome latino BASSIANUS, derivado do adxectivo BASSUS, ‘baixo’. De BASSIANI esperaríamos **Baxán*, polo que parece preferible explicar estes topónimos a partir doutro antropolónimo latino BASSANUS (Schulze § 350), igualmente derivado de BASSUS.

14. *Belesar*, nome de lugar e parroquia e agora tamén nome oficial dun grande encoro no Miño, procede do xenitivo dun nome persoal xermánico BELISARIUS (HGN, 42/5).

15. *Bermún*, nome de lugar e parroquia, procede do xenitivo dun nome persoal xermánico UER(E)MUNDUS (HGN, 298a).

16. *Boán*, lugar da parroquia de Muradelle. Deste lugar deriva o apelido dunha célebre familia ourensá dos séculos XVI e XVII da cal se ocupou Ferro Couselo nun coñecido traballo. Podería proceder do xenitivo dun nome persoal de orixe latina BOLANUS (Schulze, 533).

17. **Brandián**, nome dun lugar da parroquia de Vilaúxe. De BRANDILANE, forma do acusativo dun nome persoal de orixe xermánica BRANDILA (HGN, 49/4).
18. **Burgás**, lugar de Santa Cruz de Viana, procede de **BURGALANIS**, xenitivo dun nome persoal de orixe xermánica BURGALA (HGN, 51/1b).
19. **Caibe**, lugar da parroquia de Requeixo. Malia a aparencia de xenitivo de poseedor, non podemos precisar a qué antropónimo remonta.
20. **Centulle**, lugar da parroquia de San Xurxo de Asma, corresponde ó xenitivo do nome latino CENTULLIUS (Schulze, 149, 403, 407), ou da variante CENTULLUS que Kremer rexistra nun nome hispánico do ano 900 *Alderito Centullus* (*Cognomina*, I, n. 18).
21. **Camporramiro** é nome de parroquia. O segundo elemento é o nome persoal *Ramiro*, de orixe xermánica RANAMIRUS (HGN, 216/7).
22. **Cartemil**, lugar da parroquia de Nogueira, corresponde ó xenitivo dun nome persoal xermánico CARTEMIRUS (HGN, 54/3)
23. **Casdemiro** lugar da parroquia de Adá. Interpretámolo como **Casa de Miro**. O segundo elemento é o nome persoal de orixe xermánica MIRO (HGN, 185/6).
24. **Derramán**, lugar da parroquia de Santa Uxía de Asma. Podería corresponder ó xenitivo dun nome persoal pero non dispomos de documentación que permita confirmalo. Parece ousado suxerir unha relación co nome medieval peninsular *Abderramán*, de orixe árabe.
- 25, 26. **Eiriz**, lugar da parroquia de Brigos, e o segundo elemento de **Vilar de Eiriz**, na do Mato, corresponden a un xenitivo AGIRICI, dun nome persoal de orixe xermánica AGERICUS ou AGIRICUS, romance *Eirigo* (HGN, 5/120).
27. **A Elfe**, lugar da parroquia de Arcos. Semella forma con falsa segmentación interpretando como artigo feminino o A- inicial. Pode corresponder ó xenitivo dun nome persoal de orixe latina latino ADELPHUS ou ADELPHUS (Duval 1977, 332), rexistrado na documentación galega do século IX (Piel, 1958, 5, p. 63).
28. **Enviande**, lugar da parroquia de Pedrafita, do xenitivo dun nome xermánico EVENANDUS (HGN 81/2).
- 29, 30. **Esmeriz** (*Santa Mariña*) e **Esmoriz** (San Xillao) proceden de dous nomes de orixe xermánica que en realidade constitúen dúas variantes diverxentes dun mesmo: ERMERICUS / ERMORICUS (HGN, 78/18). Na documentación medieval de Oseira atopamos indistintamente *Es-* e *Er-* na sílaba inicial dos nomes das dúas parroquias. Interpretámola grafía con *s*, que prevaleceu, como ultracorrección dun suposto rotacismo.
31. **Formariz**, nome dun lugar da parroquia de Vilaúxe, procede do xenit. dun nome de orixe xermánica FROMARICUS (HGN, 108/7).
- 32, 33. **Freán** (parr. de Argozón) e **Freán** (parr. de Líncora) proceden do xenitivo do nome medieval FROILA, de orixe xermánica (HGN, 106/9) como confirman as formas *Froán*, *Froam* con que aparecen na documentación medieval de Oseira.

34. *Gomesende*, lugar da parr. de Arcos, procede do xenit. doutro nome xermánico GOMESINDUS (HGN, 144/12).

35. *Gordón*, lugar da parr. de Argozón, semella proceder dun antropónimo, aínda que non podemos precisar de cál. Na documentación medieval de Oseira presenta a forma actual. Kremer (Cognomina, IV, 51) rexistra exemplos medievais de GORDÓN como sobrenome que moi probablemente contén o adxectivo común gordo (< lat. GÜRDUS, quizá voz de orixe hispánico, segundo Corominas, DCECH, s.v. *gordo*). Este cognome podería explica-lo noso topónimo.

36. *Güimil*, lugar da parr. de Nogueira. Doutro nome xermánico GOIMIRUS (HGN, 132/3).

37. *Guxeva*, lugar da parr. de Argozón provén dun nome feminino de orixe xermánica GUDIGEVA (HGN, 146/4).

38. *Lamamartinga* figura no Madoz como *caserío* da parroquia de Requeixo. Non figura nos nomenclátors nin temos noticia de que exista hoxe. O seu segundo elemento semella unha forma adxectival MARTÍNICA, derivada do nome persoal MARTINUS.

39. *Lamasindín* é o nome dunha entidade recollida no Madoz na parroquia de Arcos e cualificada como *cas.* (“caserío”), aparentemente desaparecida na actualidade. O seu segundo elemento corresponde ó xenitivo dun nome persoal de orixe xermánica SENDINUS ou SINDINUS (HGN, 241 /24).

40, 41. *Marín* (lugar da parr. de Chantada) e o segundo elemento de ***Lamamarín*** (na parroquia de Merlán) proceden do xenitivo do nome persoal latino MARINUS (Kajanto, 81, 308).

42. *Mariz*, lugar e parroquia (San Martiño). Do xenit. doutro nome xermánico MALARICUS (HGN, 179/1), como proba a forma medieval *Maariz*.

43. *Meixide*, lugar da parr. de Merlán, e ***Meixide Grande***, na de San Fiz de Asma). Piel (1937, p. 55) atribúe este e outros topónimos galegos idénticos ó xenitivo dun nome persoal latino MAXITUS, emparentado con MAXIMUS.

44. *Melide*, lugar da parr. de Camporramiro. Procede do xenit. dun nome de orixe latina MELLITUS (Kajanto, 284).

45. *Merlán*, nome de lugar e parroquia, procede posiblemente de MERILANE, dun nome persoal xermánico MERILA (HGN, 185/204). Na documentación medieval de Oseira alternan para o nome da parroquia as denominacións de *San Tomé do Freixo* e *San Tomé de Merlán*. Para o lugar rexistramos sempre as grafías *Merlam*, *Merlan* (só nun caso *Morlam*, pero *Merlam* no mesmo documento: *Oseira* nº 845, ano 1259), non sendo nun doc. do ano 1274 onde vemos «*na vila de Rolle et na vila de Merela sub sino de san Tome de Freyxeo*» (*Oseira*, nº 1050).

46. *Mouricios*, nome de lugar e parroquia (San Cristovo), semella conte-la forma de plural do nome persoal *Mauricio*, MAURITIUS, de orixe latina (Kajanto, 206). Na única documentación medieval relativa a este nome de que dispomos, aparece

como *Sancto Christophoro de Morinços* (Oseira, nº 790, ano 1257), o que aparentemente contradí a nosa proposta etimolóxica.

47. *Mouriscados*, nome de lugar na parroquia de Arcos. Tamén contén unha forma plural, coma o anterior, posiblemente por alusión a un grupo familiar de poboadores. A forma singular corresponde a un nome persoal medieval de orixe latina MAURICATUS (Cortesão, OM, p. 214), con relativa presenza na toponimia galega a partir do xenitivo MAURECATI > *Morgade*. O noso topónimo supón unha forma *MOURISCADO resultante da interferencia do adxectivo e substantivo comúns *mourisco* (o mesmo ca nun topónimo de Lalín *Mouriscade* < MAURI(S)CATI, onde a presenza do -s- interferido tamén impediu a perda da vocal pretónica e a conseguinte monotongación ante o -r final de sílaba).

48. *Mundín*, nome de dous lugares nas parroquias de Adá e Vilaúxe. Do xenitivo MONDINI dun nome de orixe xermánica MONDINUS (HGN, 190/7).

49. *Muradelle* (San Paio), nome de parroquia, semella conter igualmente o xenitivo dun nome de posesor. Tamén poderíamos pensar nun nome común *Muradella*, diminutivo de *Murada*, con posterior palatalización da vocal final por efecto da consoante palatal, como en *Cidadelle* (antigo Ciudadella), *Cameselle* (Camesella), etc. Pero a documentación medieval, sempre con -e final, non aboa esta interpretación, polo que preferímo-la hipótese antroponímica. Con tod,o non atopamos nos repertorios onomásticos unha forma que dea explicación do topónimo. Podería pensarse nun derivado de MAURUS, pero habería que explica-la monotongación da sílaba inicial. Kremer (*Cognomina*, IV, 62) rexistra un sobrenome altomedieval AMORATUS, probablemente derivado de AMORE; o xenitivo dun diminutivo *AMORATELLUS podería dar explicación do noso topónimo.

50. *Muxilde*, lugar da parroquia da Laxe. Procede posiblemente dun nome de orixe xermánica MODEGILDUS (HGN, 188, que non obstante non inclúen este topónimo galego).

51. *Nande*, lugar da parr. de Mouricios. Do xenitivo dun nome persoal xermánico NANDUS (HGN, 191/10).

52, 53. *Nandulfe*, 2 lugares nos concellos de Pedrafita e San Salvador de Asma. Dun nome xermánico NANDULFUS (HGN, 191/9).

54. *Paderne*, lugar da parr. de Muradelle. Do xenitivo dun antroponimo latino PATERNUS, derivado de PATER (Schulze, 192).

55. *Podente*, lugar da parr. de Merlán. Do xenitivo do nome POTENTIUS (Schulze, 525) de orixe latina (Piel, 1937, 53, p. 60).

56, 57, 58. *Quinzán da Vila*, en Adá, *Quinzán das Peras* en Argozón e *Quinzán do Monte* en San Miguel do Monte, posiblemente do xenit. dun nome de orixe latina QUINTIANUS (Kajanto 35, 153) antes ca do nome xermánico QUINTILA (HGN, 189/9), co que posiblemente se relacionan os topónimos *Quintián* (4 na prov. de Lugo).

59. *Randolfe*, lugar da parr. de Bermún. Do xenitivo dun nome xermánico RAN-DULFUS (HGN, 217/4).

60. *Regoufe*, lugar da parr. de Esmeriz. Do xenit. dun nome xermánico RECAUL-FUS (HGN, 219/26a)

61. *Rolle*, lugar da parr. de Merlán. Posiblemente do xenitivo dun nome de orixe latina RULLUS (Kajanto, 265) ou RULLIUS (Schulze, 424).

62. *Sabadelle* (Santa María), parroquia. Do xenitivo do nome de orixe latina SAB-BATELLUS, diminutivo de SABBATIUS (Kajanto, 62, 135).

63. *Sabadón*, lugar da parr. de Vilaúxe. Semella proceder do xenitivo dun nome persoal emparentado co anterior, correspondente ó derivado co sufixo -ONE en lugar de -ELLU.

64. *Sandiás*, lugar da parroquia de Vilaúxe. Do xenitivo SANDILANIS dun nome xermánico SÁNDILA (HGN, 231/9).

65. *Senín* ou *Xenín*, lugar da parroquia de Merlán. Non dispomos de documentación medieval deste topónimo. Dado que non sendo nos nomenclátors de 1981 e 1986 atopamos sempre *Senín* (así no Madoz, na *Xeografía* de Carreras y Candi e nos demais nomenclátors), podemos pensar que esta é a forma tradicional, polo que sería idéntico a outros *Senín* da xeografía galega e ó segundo elemento dun *Vilassenín* de Ordes, estudado por Piel (1984, 53, pp. 21-22), que o profesor alemán relaciona cun hipotético *SENNINIUS de orixe latina, emparentado co SENNIANUS ou o SINNIUS recollidos por Kajanto e Forcellini, respectivamente.

Se fose a tradicional a forma con palatal inicial *Xenín* que figura nos nomenclátors recentes, e que efectivamente ten presenza na fala convivindo coa outra, entón cabería remonta-lo topónimo ó xenitivo doutro nome persoal de orixe latina *GENNINUS, relacionado con GENNIUS (Schulze, 357).

66. *Señorín*, lugar da parr. de Camporramiro. Do xenitivo dun nome de orixe latina SENIORINUS (Kajanto, 294).

67. *Sernande*, lugar da parr. de Nogueira. O *r* da primeira sílaba é producto dun rotacismo do *s* ante consoante sonora. A forma orixinaria sería SESNANDE, do xenit. dun nome de orixe xermánica SISNANDUS (HGN, 248).

68. *Soilán*, nome de dous lugares nas parroquias de Pereira e Pesqueiras. Proceden de SUNILANE, dun nome xermánico SUNILA (HGN, 246/11).

69. *Soutariz*, lugar da parroquia de Vilaúxe. Piel-Kremer (HGN 6/13) suxiren unha orixe en SALTU ALARICI, cun segundo elemento correspondente ó xenitivo do nome xermánico ALARICUS. Na documentación máis antiga que posuímos figura como *Sautariz* (ano 1148, *Oseira*, nº 20).

70. *Ulfe*, lugar da parroquia de Vilaúxe, como noutros topónimos idénticos, corresponde en realidade a unha forma *Aúlfe*, onde o *a-* inicial foi interpretado como artigo. Do xenitivo dun nome xermánico ADULFUS (HGN, 3/23c).

- 71. Uriz**, lugar da parroquia de Muradelle. Do xenit. dun nome de orixe xermánica ONORICUS (HGN, 203/7).
- 72. Usuriz**, lugar da parr. de Bermún. Do xenit. dun nome xermánico OSORICUS (HGN, 205/9).
- 73. Vidal**, lugar da parr. de Pesqueiras. Do xenit. dun nome de orixe latina VITALIS (Kajanto, 274).
- 74. Vilaúxe**, nome de parroquia (San Vicente), tamén chamada *A Sariña*. Piel explicao como procedente de *Villa Ursi*, dun nome persoal latino URSUS ‘oso’ (1984, 54, p. 22).
- 75. Vilaver**, lugar da parr. de Vilaúxe. O segundo elemento corresponde ó xenitivo VALERII dun nome persoal de orixe latina VALERIUS (Kajanto, 165).
- 76. Vilaxuste** sería a forma actual do *Vilaiuste* que aparece na documentación medieval como denominación alternativa da parroquia hoxe coñecida como Santiago de Requeixo (*Oseira*, vol. II, p. 1420). Contén o xenitivo dun nome de orixe latina IUSTUS (Piel, 1948, 183).
- 77. Xedive**, lugar da parr. de Pereira. Corresponde ó xenitivo GENITIVI dun nome persoal de orixe latina GENITIVUS ou GENETIVUS (Kajanto, 312), e é paralelo do topónimo *Xendive* do concello de Lobios (Piel, 1982, p. 147).
- 78, 79, 80. Xillán** (lugar na parroquia de Pedrafita) e mais *Xillán de Baixo* e *Xillán de Riba* (lugares na parroquia de Requeixo) proceden do xenitivo IULIANI do nome de orixe latina IULIANUS (Kajanto, 35, 148). Na documentación do séc. XIII aparece como *Iullam* (*Oseira*, n^{os} 692, 1136, etc.), e no Madoz como «*Jullán o Sillán*». Coma noutros casos semellantes, prevaleceu a forma con palatalización da vocal pretónica entre consoantes palatais. Na actualidade ten moita presenza na fala a variante con despalatalización da consoante inicial *Sillán*. Con este debemos relacionar tal vez o topónimo *Penasillás* da parroquia de Laxe, que aparece no Madoz como «*Penajullás o Penasillás*» e que probablemente correspondente a un PINNAS IULIANAS.
- 81. Xoanín**, lugar da parr. de Laxe. Corresponde ó xenitivo de JOHANNINUS (Cortese, OM, p. 184).
- 82. Zaquín**, lugar da parr. de Chantada. Pedro Cunha Serra (1967, p. 18) asigna para este topónimo, o mesmo ca para un paralelo *Cequim* de Bragança, unha orixe a partir dun nome persoal ou alcume de orixe árabe *Zaquñy*.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Cortese, OM = Cortese, A. A., *Onomástico medieval português*, Imprensa Nacional, Lisboa, 1912.
- Dauzat, A. / Deslandes, G. / Rostaing, Ch., *Dictionnaire étymologique des noms de rivières et de montagnes en France*, Klincksieck, Paris, 1982.

- DCECH = Corominas, J. / Pascual, J. A., *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Gredos, Madrid, 1980-1991.
- Duval, N., “Index des noms propres discutés et commentés”, *Actes du Colloque International sur l’onomastique latine*, C.N.R.S., Paris, 1977.
- Frazão, A. C. Amaral, *Novo dicionário corográfico de Portugal*, Ed. Domingos Barreira, Porto 1981.
- HGN = Piel, J. M. / Kremer, D., *Hispano-gostisches Namenbuch*, Carl Winter, Universitätsverlag, Heidelberg, 1976.
- Kajanto, I., *The Latin Cognomina*. Giorgio Bretschneider Editore, Roma, 1982 (2ª ed.).
- Kremer, *Cognomina* = Kremer, D., “Bemerkungen zu den mittelalterlichen hispanischen cognomina”, *Aufsätze zur Portuguesischen Kulturgeschichte*, Münster Westfalen, (1970/1980): (i), 10 (1970), pp. 124-183; (ii), 11 (1971), pp. 141-187; (iii), 12 (1972/73), pp. 101-188; (iv), 13 (1974/75), pp. 157-188; (v), 14 (1976/77), pp. 191-273; (vi), 16 (1980), pp. 117-205; (vii), 17 (1981/82), pp. 47-146.
- Lvcensia* 5 = (anónimo) “Nomenclátor toponímico medieval de la diócesis. Atribuido a Buena-ventura Cañizares”. *Lvcensia*, nº 5, Lugo, 1992, pp. 137-185.
- Menéndez Pidal, R., *Manual de gramática histórica española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1940.
- Oseira* = Romaní Martínez, M., *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira*, Tórculo, Santiago de Compostela, 1990 (vols. I e II), 1993 (vol. III).
- Piel, J. M. / Kremer, D., *Hispano-gostisches Namenbuch*, Carl Winter, Universitätsverlag, Heidelberg, 1976.
- Piel, J. M., “Lateinisches Namengut in portugiesischen und galizischen Orstnamen”, *VKR* 10, Hamburg, 1937.
- Piel, J. M., *Nomes de possesores latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa*, sepª de *Biblos*, vol. XXIII, Coimbra, 1948.
- Piel, J. M., “Ramalhete de antroponímia galega”, *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Galaxia, Vigo, 1958, pp. 61-65.
- Piel, J. M., “Respiga de antroponímia galega de origem latina”, *Verba* 9, Santiago de Compostela, 1982, pp. 125-151.
- Piel, J. M., “Novíssimas achegas à história da tradição antroponomástica mais antiga latina no Noroeste galaico”, *Verba* 11, 1984, pp. 5-24.
- Rivas Quintas, E., *Lingua galega, níveis primitivos*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1994.
- Schulze, W., *Zur Geschichte Lateinischer Eigennamen*, Widmann, Berlin, 1966 (2ª ed.).
- Serra, P. Cunha, *Contribuição topo-antroponímica para o estudo do povoamento do noroeste peninsular*, Publicações do Centro de Estudos Filológicos, Lisboa, 1967.